



AGOSTO 2026

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en establecementos hoteleiros. Agosto 2026

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 26/25	Nº	Var. Int. 26/25
VIAXEIROS	14.277.157	2,9%	760.590	0,9%
NOITES	48.798.426	1,4%	1.645.232	1,0%
ESTADÍA MEDIA	3,43	-1,5%	2,16	0,1%
% OCUPACIÓN	76,13%	0,83	68,23%	1,12
ADR	166,9 €	7,3%	104,2 €	7,1%
RevPAR	133,1 €	7,0%	73,7 €	9,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Neste mes de agosto o INE estima que abriron en Galicia algo máis de 1.800 establecementos hoteleiros –cifra practicamente equivalente á do pasado ano 2025–, que ofertaron máis de 76 mil prazas –dato que en termos globais mantense estable en termos interanuais–.

Amósanse a continuación os principais resultados deste oitavo mes de 2026:

- O segmento hoteleiro de Galicia rexistra neste mes de agosto 760 mil viaxeiros aloxados e máis de 1,6 millóns de noites, cifras que presentan un comportamento positivo en relación ao pasado ano. En particular, o volume de noites increméntase un 1,0% -a variación é pouco significativa- como consecuencia do crecemento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados nun contexto de estabilidade da estadía media -mantense nas mesmas cifras do pasado ano-.
- Esta dinámica coloca o nivel de demanda deste 2026 por encima de 1,6 millóns de noites por quinto ano consecutivo, con 16 mil pernoctacións máis que o pasado ano -variación pouco significativa-. En realidade, e cunha perspectiva de longo prazo, obsérvase que o segmento hoteleiro de Galicia apenas experimentou cambios significativos nos últimos anos pois mantense no contorno de 1,6 millóns de noites desde 2022 -antes da pandemia o nivel roldaba máis ben a cifra de 1,5 millóns de pernoctacións-. Por tanto, neste 2026 o nivel de demanda do segundo mes do verán mantense no contorno dos máximos da serie histórica.
- No lado dos viaxeiros aloxados obsérvase igualmente un comportamento positivo, cun suave crecemento do 0,9% en relación ao pasado ano con 760 mil no mes de agosto - neste caso, e nun sentido estrito, é a segunda cifra máis elevada da serie histórica-. É o terceiro ano consecutivo no que a cifra de viaxeiros aloxados supera o nivel dos 750 mil en agosto.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo variable nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría as que presentan dinámica positiva. Unha parte delas, once en particular, conseguen superar os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade Estremadura e o País Vasco -cunha suba do 5,0%- por diante de Madrid -



destino no que o número de noites crece un 3,5%- e de Cataluña -cunha suba próxima ao 3% neste caso-. Navarra e Galicia rexistran, en cambio, os crecementos máis moderados -ambos do contorno do 1% interanual-.

- Tres destinos mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano mentres que os tres restantes -minoría neste caso- presentan caídas en relación ao pasado ano -do 2% en Aragón, do 3% en Castela e León e do 6% en Castela A Mancha-.
- Galicia colócase por tanto nunha posición media no ranking de variacións interanuais -no grupo de destinos con dinámica positiva-, cunha taxa de variación similar á media do conxunto do Estado -onde se observa en liñas xerais un incremento do 1,4%-. O comportamento de Galicia equivale neste caso á media estatal, e tamén á de comunidades do norte como Navarra e A Ríoxa.
- No lado dos viaxeiros aloxados Galicia colócase tamén no grupo de destinos con dinámica positiva xunto con outros nove destinos. Lidera este ranking Navarra, coa suba do 8,3%, por diante de Madrid e Asturias -ambas con subas próximas ao 7%-. No lado contrario son sete os que amosan comportamento negativo.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na sétima posición absorbendo o 3,4% do total estatal. Mantén a posición dos últimos catro meses mais gaña dous postos respecto do observado en marzo para consolidar a súa posición habitual no contexto estatal.
- A nosa comunidade colócase neste mes por detrás dos principais destinos do Estado que son, por orde de importancia, Baleares -lidera por cuarta vez consecutiva desde outubro do pasado ano o ranking estatal, co 23% do total e preto de 11,4 millóns de noites-, Cataluña -con máis de 9,0 millóns-, Andalucía -con 7,7 millóns-, Canarias -con pouco máis de 7,2 millóns-, a C. Valenciana -con máis de 4,1 millóns- e Madrid -con preto de 2,2 millóns de noites neste caso-.
- Estas seis comunidades absorben o 85% do total da demanda do conxunto do Estado. Só Baleares, que se coloca por cuarta vez consecutiva desde outubro do pasado ano como destino líder a nivel estatal -substituíndo a Canarias que liderou o ranking de novembro a abril-, representa o 23% do total de España -porcentaxe similar á dos últimos meses que significa basicamente que unha de cada catro noites hoteleiras de España se localiza só en Baleares-.
- A continuación deste grupo principal de seis destinos sitúase xustamente Galicia e as restantes comunidades autónomas.
- O 75% das noites hoteleiras corresponden ao turismo de ámbito nacional, segmento no que ten un maior peso o receptor -españóis que proceden doutras comunidades autónomas pois representan o 61% do total-. Así pois, seis de cada dez noites nos hoteis e pensións de Galicia corresponden aos españois que veñen de fóra da comunidade -porcentaxe levemente inferior á do pasado ano-.
- O mercado interno, dos residentes en Galicia, absorbe o 15%.
- O mercado internacional representa o 25% do total da demanda hoteleira, segmento que por quinta vez consecutiva, desde novembro do pasado ano, supera en volume e peso ao dos residentes na comunidade.



- En termos dinámicos obsérvase neste mes un comportamento variable a nivel de mercados. Así, en agosto descende o turismo de ámbito nacional -nun 2,6% o interno, dos residentes en Galicia, e nun 3,6% o que procede do resto do Estado- e increméntase, en cambio, o internacional -un 17,5% neste caso-.
- O comportamento positivo da demanda hoteleira neste mes de agosto vén como consecuencia, por tanto, do crecemento do mercado internacional, amortiguado neste caso polos axustes do nacional.
- Con esta dinámica o mercado internacional consolida o comportamento observado en xullo así como nos catro primeiros meses deste 2026 -así como a finais de 2025- mais contrasta coas caídas puntuais observadas en maio e xuño -na temporada media-. Xa cunha perspectiva de longo prazo obsérvase que o segmento internacional acumula cinco anos case consecutivos de crecemento da demanda no mes de agosto -desde 2021, e coa única excepción do descenso rexistrado xustamente o pasado ano-. O crecemento deste ano permite, por tanto, rexistrar un máximo da serie histórica no mes de agosto con 403 mil pernoctacións.
- Tal circunstancia vén como consecuencia dos crecementos rexistrados en boa parte dos principais mercados estranxeiros. Coa excepción do turismo procedente do país veciño, Portugal -primeiro mercado en orde de importancia por segundo mes consecutivo, substituíndo a EEUU que liderou o turismo estranxeiro en maio e xuño- que presenta unha caída do 6%, os restantes mercados internacionais superan os niveis de demanda do pasado ano. Destacan neste caso os crecementos rexistrados polos mercados estadounidense -do 80%- ou italiano -do 50% neste caso-. Engádense a esta dinámica positiva os mercados francés, alemán, británico e irlandés -todos con taxas de crecemento que superan o 10% interanual-.
- Apréciase, por tanto, un comportamento positivo xeneralizado do mercado internacional, con subas de todos eles agás xustamente o de maior peso e proximidade -Portugal-. Destacan en intensidade os crecementos dos mercados de EEUU e Italia.
- O mercado receptor nacional presenta un comportamento diferente pois o descenso deste ano engádese ao do anterior 2025 mais contrasta coa dinámica variable de anos anteriores. Desta maneira, e cunha perspectiva de longo prazo, este segmento colócase por vez primeira desde 2021 por debaixo do millón de pernoctacións -en realidade rexistra unha cifra moi próxima, de 999 mil noites- rexistrando así o nivel máis baixo desde a pandemia.
- Este último presenta unha dinámica negativa dos principais mercados, tanto en dirección como en intensidade con algunha excepción concreta. O principal mercado -Madrid- presenta un comportamento estable, rexistrando un volume de noites similar ao do pasado ano. Os restantes mercados amosan un comportamento negativo, con caídas xeneralizadas pero de baixa intensidade, que van do contorno do 2% para os mercados catalán e vasco, a máis do 10% para o asturiano.
- O turismo interno participa tamén desta dinámica negativa, con similar intensidade pois rexistra un descenso do 3% en relación ao pasado ano. Tal circunstancia deixa o nivel de demanda en 243 mil pernoctacións no mes de agosto, cifra inferior non só á de 2025 senón que tamén se coloca por debaixo do valor do período 2021-25, e mesmo por



debaixo das cifras previas á pandemia. Nunha perspectiva de longo prazo apréciase que o mercado interno presenta unha dinámica variable nos últimos anos, contrapoñendo anos de crecemento con anos de caídas, cuns niveis de demanda que se sitúa por encima das 240 mil noites na maior parte dos anos.

- As diferenzas na variación do número de noites provoca pequenos cambios de peso e, en consecuencia, da estrutura da demanda segundo a procedencia. Así neste mes mellora o peso do turismo internacional -en algo máis de tres puntos porcentuais- a costa da perda de cuota de mercado do segmento nacional -de medio punto o interno e de tres puntos o que procede do resto do Estado-.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o mercado interno mantense nas porcentaxes máis baixas da serie histórica pois sitúase por debaixo do 15% por vez primeira desde que hai rexistros -ata 2014 aproximábase sempre ao 20%, por exemplo-. O receptor nacional rexistra tamén mínimos da serie pois nunca antes se situara por debaixo do 63%, mentres que o internacional, coa evolución positiva, acada o peso máis elevado de toda a serie histórica do mes de agosto -supón por vez primeira a cuarta parte da demanda neste segundo mes do verán-.
- A nivel territorial o comportamento da demanda hoteleira é tamén variable. Incrementábase así o número de noites en tres provincias, de forma relativamente suave en A Coruña -nun 2,4%- e Lugo -nun 3,7%- e máis acusada en Ourense -nun 21% neste caso-. Descende en cambio en Pontevedra -nun 3,1% neste caso-.
- Co 42% das noites hoteleiras Pontevedra lidera agora en agosto, por segunda vez consecutiva nos últimos doce meses, o mercado turístico hoteleiro -substitúe a A Coruña que nas temporadas baixa e media lidera o mercado na comunidade, e consolida a posición habitual nos meses de temporada alta-. Segue a continuación xustamente A Coruña, co 38%, por diante de Lugo e Ourense -co 14% e 6% do total, respectivamente-. Mantense agora en agosto a concentración da demanda nas provincias do litoral atlántico -o 81% das noites localízanse en A Coruña e Pontevedra, cun reparto algo diferente entre ambas-.
- A nivel das categorías hoteleiras o comportamento da demanda é tamén variable. Apréciase así crecemento do número de noites nos hoteis de catro e cinco estrelas -do 4%- así como nos de dúas estrelas -do 3% neste caso-. A demanda cae, en cambio, nos hoteis de tres estrelas -un 3%- así como nos de unha estrela -un 6% neste caso-.
- No ámbito das pensións a dinámica tamén cambia levemente, manténdose estable o número de noites naquelas de tres e dúas estrelas mais incrementándose de forma importante nas de unha estrela -nun 8% neste caso-.
- Isto da como resultado que o nivel de demanda mantense relativamente estable no conxunto dos hoteis mais incrementábase nas pensións -un 2,6% neste caso-. Ambas tipoloxías amosan, por tanto, un comportamento variable neste oitavo mes do ano.
- O conxunto dos hoteis representa o 79% do total da demanda -sendo maioritario o segmento de catro e cinco estrelas pois absorbe o 31% do total das noites-, ficando o 21% restante no ámbito das pensións.



- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 2,2 noites, cifra que en termos globais mantense estable en relación ao pasado ano. É o terceiro ano consecutivo, e cuarto nos últimos cinco, no que a estadía media se mantén no contorno de 2,2 noites a nivel da comunidade, cifra inferior aos valores previos e propios da pandemia.
- Con todo, a estadía media en Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado -supera o valor de sete comunidades autónomas-. Canarias, con 6,5 noites, marca a cifra máis elevada. No lado contrario a cifra máis baixa fica en Estremadura e Castela e León -ambas con menos de 1,7 noites-.
- En termos dinámicos a estadía media crece en cinco destinos -con maior intensidade en A Ríoxa-, mantense estable tamén en cinco e descende nos sete restantes -de forma máis acusada en Asturias e Navarra-.
- A nivel territorial e dentro de Galicia a estadía media presenta certas variacións entre provincias. Pontevedra é a que rexistra o valor máis alto neste mes, con 2,6 noites de media. Ourense presenta tamén unha cifra importante, con 2,1 noites, ficando as provincias do norte con valores máis baixos: de 1,9 noites de media en A Coruña e 1,8 noites en Lugo.
- Obsérvanse tamén diferenzas a nivel das categorías hoteleiras. Neste mes, igual que nos catro últimos e ao contrario do observado nos cinco meses anteriores, a estadía media acada os valores máis altos nos hoteis de catro e cinco estrelas -con 2,5 noites de media-. Este dato descende a medida que imos baixando de categoría, con 2,3 noites os hoteis de tres e dúas estrelas, 2,1 noites os de unha estrela, 1,8 noites as pensións de tres e dúas estrelas e 1,6 noites as de unha estrela.
- Ao contrario do que acontece na temporada baixa, o valor da estadía está correlacionado coa categoría do aloxamento -tal circunstancia observábase xa nos catro últimos meses así como nas temporadas media e alta do pasado ano-.
- O leve crecemento do nivel de demanda en relación ao pasado ano acontece nun contexto no que o volume de oferta varía de forma pouco significativa -o número de prazas dispoñibles descende en realidade un 0,3%- . Isto leva a certa mellora dos niveis de ocupación en relación ao 2025 -varía en pouco máis dun punto porcentual- para situarse no 68,2% de media-.
- Mellora a ocupación logo de rexistrar variacións dispares nos últimos anos, alternando crecementos e caídas desde 2017. As diferenzas son nalgúns casos pouco notables pois en realidade o nivel de ocupación do mes de agosto varía entre o 66% e o 69% nos últimos seis anos, no período 2021-26. Tal circunstancia fala máis ben de estabilidade global.
- O dato de Galicia sitúase nunha posición media no ranking estatal -supera neste mes o nivel de oito comunidades autónomas-. Baleares marca agora en agosto, por cuarta vez consecutiva nos últimos once meses, a porcentaxe máis elevada cun 90,3% de media -igual que o fixo de abril a setembro do pasado ano, substituíndo a Canarias que liderou este apartado desde outubro de 2025-. No lado contrario a porcentaxe máis baixa queda neste mes en Castela A Mancha, cun 37,7% de media.

- As tarifas hoteleiras sitúanse neste mes en 104,2 euros, cifra que supera o dato do pasado ano -nun 7,1%- así como o valor de 2019 -en máis dun 40% neste caso-. É a cifra máis elevada da serie histórica do mes de agosto pois nunca antes se superaran os 100 euros de tarifa media. Descontando o efecto da inflación obsérvase que en realidade as tarifas hoteleiras increméntanse este mes con menor intensidade, en pouco máis do 2% -o dato da inflación media en Galicia neste último mes sitúase no 4,8%-.
- En termos comparativos a nosa comunidade sitúase nunha posición media a nivel estatal -supera o valor de seis comunidades autónomas-. Baleares, con 230,7 euros, presenta as tarifas máis elevadas neste mes. Castela A Mancha, en cambio, amosa o valor máis baixo con 74,7 euros.
- En termos dinámicos Galicia colócase nunha posición tamén media no ranking de variacións interanuais das tarifas hoteleiras. Soben en practicamente todas as comunidades autónomas, con maior intensidade no País Vasco -en máis dun 14%- e en A Ríoxa e Navarra -arredor dun 13% en ambas-. No lado contrario as tarifas hoteleiras descenden unicamente en Madrid -un 4,6% neste caso-.
- A variación dos niveis de ocupación -neste caso o grao de ocupación por habitacións sobe un 2,3%- acontece, por tanto, nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras -do 7,1% neste caso-. Isto leva a unha mellora parella dos niveis de rendibilidade hoteleira en relación ao pasado ano -o RevPAR hoteleiro crece un 9,1% situándose en 73,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis alta da serie histórica-. Nunca antes o nivel de rendibilidade superara os 70 euros neste oitavo mes do ano.
- Galicia fica tamén neste ámbito nunha posición media respecto do observado nas restantes comunidades autónomas. Con 208,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible Baleares marca tamén neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado do conxunto do Estado. Castela A Mancha presenta, en cambio, o valor máis baixo con 32,8 euros.
- En termos dinámicos Galicia sitúase nunha posición media no ranking estatal, no grupo de destinos con crecemento do RevPAR hoteleiro -a práctica totalidade-. Lideran esta clasificación destinos do norte peninsular -Navarra coa suba do 16%, e Cantabria co incremento do 15% neste caso-. No lado contrario o RevPAR descende unicamente en Madrid -pola caída das tarifas medias-, un 5% neste caso.
- Con estas cifras estímase que o sector hoteleiro obtivo uns ingresos totais nominais de 92,4 millóns de euros no mes de agosto, cifra que supera nun 8,8% o dato do pasado ano -circunstancia que acontece por sexta vez consecutiva desde a pandemia-. Con este incremento supera os 90 millóns de euros por vez primeira na serie histórica, rexistrando un máximo no mes de agosto agora en 2026.
- Descontando o efecto da inflación os ingresos hoteleiros soben con menor intensidade, en termos reais un 3,8%.



ANEXO – GRÁFICAS

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Agosto 2016-26




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Agosto 2026/25






Fig. 3. Principais mercados no ámbito hoteleiro. Noites, agosto 2026




Fig. 4. Variación da demanda dos principais mercados no ámbito hoteleiro. Agosto 2026/25






Fig. 5. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Agosto 2026/25




Fig. 6. Variación da demanda por segmentos hoteleiros. Agosto 2026/25






Fig. 7. Evolución da estadía media. Agosto 2016-26




Fig. 8. Evolución do nivel de ocupación hoteleiro. Agosto 2016-26






Fig. 9. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Agosto 2014-26




Fig. 10. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Agosto 2014-26

